


LECTORES ADULTOS



Follet, Ken.: Los pilares de la tierra

Ed.Plaza e Janes

Na idade media a construción dunha catedral supoñía movementos de xentes en busca de traballo ou aventuras. O mestre da narrativa e o suspense lévanos a un fascinante mundo de reis, cabaleiros, castelos e cidades amuralladas.



Rivas, Manuel: Os libros arden mal.

Ed.:Alfaguara

Dende A Coruña as historias e vidas de distintos personaxes entrecruzanse ó longo dun século ata os nosos días. Un fio de suspense percorre a modo de thriller todo o libro, que comeza co levantamento militar do 18 de xullo de 1936 contra a república e nos leva a outras cidades como París, Londres ou A Habana...



Falcones, Ildelfonso: La catedral del mar.

Ed Grijalbo

Fillo dun servo da terra, a violencia irromperá na vida de Arnau dende a súa concepción, cando o señor feudal exerce o seu dereito de pernada na mesma noite da voda da súa nai. O seu pai lévao a Barcelona, onde soña converterse nun cidadán libre....

Mankell, Henning: El cerebro de Kennedy. Ed Tusquets

No outono do 2004 a arqueóloga sueca Louise Cantor dirixe unhas excavacións no Peloponeso, cando volta ó seu país quere visitar ó seu fillo. Pero algo estraño está a pasar que cambiará toda a súa vida, o fillo segue sen contestar ás súas chamadas porque..... está morto



BOLETÍN DA BIBLIOTECA

Nº 2

CURSO 2006/7 ESPECIAL NADAL



IES Fernando Esquío

Empedrón nº 16
Neda 15572
A Coruña
Tlf 981391080
FAX 981391280

Visítanos na páxina:
www.opacmeiga.rbgalicia.org

SUXERENCIAS DE LECTURA PARA TODOS

Neste tempo de lecer vos desexamos unhas felices festas e un feliz tempo de lectura polo cal vos facemos a nosa recomendación...por idades, porque hai libros para todos



Pérez Reverte, Arturo: El Capitán Alatriste.

Ed. Alfaguara

O Capitán Alatriste, pasa a ter corpo neste cómic. Estamos na España do século XVIII, no declive do imperio español, o noso protagonista enfróntase a unha conspiración para acabar con dous importantes estranxeiros de visita en España, o cal pon en perigo a vida de Alatriste entre duelos, emboscadas, traicións



Allende, Isabel: El bosque de los pigmeos. Ed Montena


África Ecuatorial, ata alí foron Nadia, Alexander e a súa avoa Kate para disfrutar do primeiro safari nun elefante. Kenia é unha festa de cor, una mescla de sabores, olores y sons inunda cada recuncho desta terra. Pero este paraíso tamén agocha sombras. O primeiro sinal chegará coas enigmáticas palabras dunha sacerdotisa vudú.

Isabel Allende tamén escribiu: El reino del dragón de oro, La ciudad de las bestias...

Pedrolo, Manuel de: Mecanoscrito da segunda orixe. Ed. Galaxia

No ano 7138 da nova era faise público o mecanoscrito da segunda orixe, un antigo libro, case esquecido, ¿É un documento histórico ou unha novela? O certo é que conta a aniquilación da especie humana a mans dos extraterrestres e a loita pola supervivencia dun neno e dunha moza, será certo?.

Sierra i Fabra, J.: Gauditronix. Ed. Edebé



Londres, ano 2015. Hiro, de dezasete anos, ten horribles pesadelos, algo sorprendente nun xove san e entrenado nas artes marciais. Os soños son moi reais e ó mesmo tempo estrañamente parecidos a un videoxogo. Para descifrar o enigma, Hiro e os seus pais viaxan de Londres a Barcelona e de alí a Tokio para descubrir unha terrorífica realidade relacionada coa orixe de Hiro.



Ruiz Zafón, Carlos : El príncipe de la niebla. Ed. Planeta

O novo fogar dos Carver está rodeado de misterio. Nel aínda serespira o espírito de Jacob, o fillo dos antigos donos, que morreu afogado. Max Carver sospeita que esa morte ten algo que ver cos estraños feitos que acontecen na súa propia familia.


Outros libros deste mesmo autor: El palacio de medianoche, Marina , y La sombra del viento

Gallego García, L.: Memorias de Idhún. I La Resistencia Ed.SM

No día en que se uniron en Idhún os tres soles e as tres lúas, Ashran el Nigromante obtivo o poder. Mentres un guerreiro e un mago exiliados de Idhún forman a Resistencia, á que pertencen tamén Jack e Victoria, dous adolescentes nados na Terra. O obxectivo do grupo é acabar co reino das serpes aladas, pero este é só o comezo. Xa hai outras dúas entregas: Tríada e Panteón



Neira Cruz, X.: O armiño dorme. Ed.:SM



No 1857 ábrese as tumbas dos Médici en Florencia. Entre elas causa gran impacto a da filla ilexítima de Cósimo I, Bia de Medici, por permanecer intacta «como si estivera durmida» e xunto a ela un armiño acompaña no seu descanso. Pero en poucos segundos a fráxil figura esfúmase convertíndose en po. Só queda un pequeno diario que recolle a historia desta xoven princesa.

Gallego García, Laura: El coleccionista de relojes extraordinarios. Ed. SM

Para salvar a alma da súa madrastra, Jonathan ten que atopar o reloxo Deveraux antes de doce horas. Está nalgún lugar da Cidade Antiga. Pero ó longo da noite, a cidade vai mudando. Xa non é a mesma,..... ou si?



Se che gusta podes seguir cos outros libros de Laura Gallego: Finis Mundi, La leyenda del rey errante, Crónicas de la Torre....



Funke, Cornelia: El señor de los ladrones. Ed. Destino

Fuxindo da súa tía, que intenta separalos, Próspero e Bonifacio chegan ata a fermosa Venecia, onde atopan seguridade nunha banda xuvenil liderada polo misterioso Señor dos Ladróns. O detective Víctor anda trala súa pista, pero acaba facendo amizade cos escorregadizos ladróns. Un enigmático encargo levará ós nenos a una misteriosa

illa nunha lagoa...

Se che gusta podes seguir con Corazón de tinta ou Sangue de tinta da mesma autora